

CÓDIGO	E5
Nome do entrevistador	E
Lugar da entrevista	Noia
Fecha	30/04/2015
Tipo de entrevistado	Usuaría con esquizofrenia

E: Primeiro de nada, ¿Qué día nacestes?

E5: En marzo, o 15 de marzo de 1970, teño 45 anos.

E: ¿Dónde vives actualmente?

E5: Vivo en (nome da aldea).

E: ¿Con quen vives?

E5: Sola.

E: E, ¿De dónde eran teus pais?

E5: Miña nai era do (nome da aldea) e meu pai tamén.

E: ¿E a qué se dedicaban?

E5: Meu pai era mecánico naval e pois e botou moitos anos con cancro e moitos anos con un bastón e estivo vinte anos en unha silla de rodas e bueno... hai bueno haberá doce ou trece anos nos que morreu, e miña nai... aínda non hai un ano que morreu.

E: ¿A que se dedicaba túa nai?

E5: Na casa, facía os labores da casa e máis traballaba na terra, pero ultimamente xa non traballaba na terra, xa non era capaz.

E: ¿E de que causa morreu túa nai?

E5: Morreu dunha neumonía que se complicou.

E: Vale, ¿Cal é o teu estado civil actual?

E5: Solteira, solteira.

E: ¿Que estudos tes? ou ¿Hasta que nivel estudiastes?

E5: Estudiei hasta a EGB.

E: ¿E dónde estudiastes?

E5: No colexio de (nome do colexio).

E: ¿Qué foi para ti estudar dentro do centro escolar, estabas cómoda, ben, ou foi complicado?

E5: Bueno... o último ano pois costoume o primeiro pero despois xa non.

E: ¿Qué aprendestes ou que coñecementos sacastes da escola?

E5: Os básicos, aprender a ler a escribir eso todo.

E: Vale, ¿Qué tipo de enfermidade tes?

E5: Esquizofrenia.

E: ¿E tes que acudir ó médico?

E5: Si.

E: ¿Cada canto tempo?

E5: Cada mo poñen eles.

E: ¿Tes algunha outra enfermidade relacionada coa esquizofrenia? ¿Por culpa das pastillas ou algo?

E5: No, todo perfecto.

E: Moi ben, ¿A qué anos che deron o diagnóstico da enfermidade?

E5: Hai moitos anos, moitos anos...

E: ¿Acórdaste?

E5: Bueno eso fora cando iba a escola, tomei medicación, deixei de ir o médico, que eu ía o psicólogo. Bueno entón, como eu estiven nas monxas aprendendo corte, que fun para o (nome da aldea), pois quería... sempre fun unha persoa independente e quería ter algo para min a pesar do que me daban meus pais, quería ganar algo para min, quería organizar a miña vida, e fun para (nome da cidade) e empezaron os problemas, porque xa non me acordo pero recuerdo que estaba nunha habitación e non sabía onde estaba pero sabía ler. Entón vin a garra, non sabes? Que antes tiña un rolo así na cama que tiñan nos hospitales que poñía hospital general... bueno entón eu dixen para min estou enferma. Eu sempre aceptei a miña enfermidade, non aceptei que era crónica sempre me costou.

E: ¿E fostes ti a que decidistes acudir ó médico?

E5: Si, porque empezou cun dolor de espalda e despois non me acordo, veu todo seguido.

E: ¿Como era a túa vida antes da enfermidade socialmente?

E5: Pois e.. estaba traballando, tiña un horario de paseo, unha hora... no último traballo estaba contenta, e tiña unha hora para pasear, para comprar cousas e eso todo e vamos, e sempre me facía unha escapada que che vou a dicir... para aprender a coser e eso todo, non me justaba o corte, que non aprendía, pero gustábame moito coser.

E: E e despois no momento no que che din mira tes esta enfermidade, ti que pensas...¿Que eso che axudou, ou que no, que a túa situación foi a peor?

E5 :Non o aceptaba decía! Mima!, agora o que me espera, pero tuven moito apoio por miña nai.

E: E ¿Os amigos, as amistades??

E5: Si, si, tiña amistades.

E: ¿Consideras que perdestes amistades ou que no?

E5: Perdinas, porque estuven sete anos salindo cun chaval, salindo os dous solos e despois conocín a (nome do exmozo), que xa o conecía pero como vos amigos, e despois empezamos a salir solos, como mozos pero... asfixiábame, non sabías se iba ben, se iba mal, encaprichábase entonces conocín a (nome do mozo actual), e probei con (nome do mozo actual), antes comenteillo... a min justame máis (nome do mozo actual), un tío máis tranquilo, máis social, non tiña esas berrinchas, sabes se está contento ou non, eu que sei... é outra cousa será polos anos tamén... e bueno dixen bueno si queres ir con el bueno, e así fixen, empezamos como amigos e agora somos mozos. Pero cada un na súa casa (risas).

E: (risas) Vale, e dixestesme que traballastes ¿Non?

E5: Si.

E: ¿Ahora mesmo estás traballando?

E5: Non, solo aquí na Creba.

E: Vale, ¿Cantos anos levas aquí na Creba?

E5: Pois empecei varias veces, porque eu era agresiva e era difícil, entonces tiña que estar con miña nai porque o pasaba mal, porque estaba... non podía falar, era guerrera, tanto podía falar como era agresiva, ó primeiro era agresiva, quería cambiar as cousas, quería poñelas a miña irmán e a miña nai como min, quería cuidalas e non era capaz de cuidarme eu, pero si quería tratála de cambiar a miña irmán, que fora máis ou menos coma min, entonces poñíame mal.

E: E túa irmán,¿É mais pequena que ti ou máis grande?

E5: Máis pequena.

E: ¿Cántos anos vos levades?

E5: Naceu no 55.

E: Vale entonces cando viñestes para a Creba, ¿Viñestes moitas veces?

E5: Si, vin tres veces. Fun a (nome do pobo) a outra asociación pero non era como aquí, había xente mal con ataques epiléticos... e máis aquí por agora non son agresivos, ou polo menos eu non vexo xente agresiva.

E: ¿E qué é o que fas aquí dentro da Creba?

E5: Estou cosendo.

E: E ¿Estuvistes en algún dos outros talleres?

E5: No.

E: ¿Sempre sempre en costura?

E5: Si, bueno calcetando estuwen pero asfisiabame, era unha época porque estaba perdendo a memoria, e non sabia porqué... iba a piscina, porque tiña sobrepeso, entonces tiña que ir a piscina, o médico recomendárame a piscina entonces levábanme a piscina. Entonces non lle daba tempo a darse de conta de que estaba perdendo a memoria, o final tuven que ingresar.

E: ¿En Conxo?

E5: Si.

E: E, ¿Cánto tempo estuvistes? ¿Acórdaste?

E5: Si quedoume gravado porque tiña problemas con todo o mundo, porque uns decíanme unha cousa outros outra tiñache que chamar e agoviabame.

E: ¿E alí dentro tratáronche ben?

E5: Si, si, perfectamente.

E: Pois volvamos a antes, cando traballabas fóra da Creba... ¿Qué traballo fixestes?

E5: Na casa, cando non podían e así axudaba.

E: Hoxe en día, ¿Qué pasatempos tes?, ¿Qué é o que che gusta facer no teu tempo libre?

E5: Andar, ir a compra, xogar a baraja.

E: ¿E agora mesmo non tes traballo non?

E5: No.

E: ¿Ti cres que a enfermidade influíu a hora de ti atopar traballo?

E5: Pois non o sei, non o sei.

E: Vale, ¿Qué expectativas tes cara o futuro?, ¿Qué che gustaría facer?

E5: Pois vir aquí a Creba e estar facendo o que estou facendo, porque é unha cousa que me gusta.

E: ¿Fillos tes?

E5: Non.

E: ¿E mozos dixemos que dous non: (nome dos mozos)?

E5: Mozos tuven tres, o primeiro sete anos e medio....

E: ¿E finalizastes ti a relación?

E5: Os dous, primeiro el e despois eu. E despois (nome do exmozo) que estaría un ano ou dous. Con (nome do exmozo) estaría seis meses ou así o ano non chejou. E empecei con (nome do mozo actual).

E: ¿E canto levas?

E5: Dous anos e pico, porque empezamos en abril.

E: Vale esto é todo, moitas gracias por facer esta entrevista.